

A RAPOSA E AS SARDIÑAS

Un sardiñeiro *levaba*, un burro *cargado* cunha caixa de sardiñas que arrecendían a frescas a máis dunha legua.

Chegou o cheiro ao nariz dunha raposa, e pensou como faría para darse unha farta délas.

Discorreu de facer o morto no camino por onde ía pasar o sardiñeiro, de xeito que cando pasou e viu a raposa dixo:

—¡Ai hom, que sorte che tiven hoxe! ¡A pelica desta raposa inda che ha de valer uns bos pesos!

E, sen máis, pillouna polo rabo, botouna enriba das sardinas e seguiu o seu camino botando conta das cousas que ía *mercar* cando véndese a pelica.

A raposa, en canto se viu soa, emprincipiou a botar sardinas ao chan ata non deixar ningunha no caixón; entón tamén se tirou ela.

Buscou unha cesta, colleu as sardiñas todas e marchou á sombra dun castiñeiro a cómelas mentres dicía:

—A listura da raposiña
enganou ao home das sardiñas.